

PLAN ANUAL DE LECTURA 2023/2024

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. OBXECTIVOS
3. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS
4. LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS
5. SECCIÓNS
6. RUTINAS DE LECTURA
7. ITINERARIOS LECTORES
8. RECURSOS HUMANOS
9. ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORIZADAS
10. LECTURA E FAMILIAS
11. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

1. INTRODUCCIÓN

A lectura supón unha capacidade indispensable para o desenvolto persoal e de aprendizaxe nos alumnos e alumnas, por iso é indispensable que tanto nos fogares como nos centros educativos se xunten para conseguir que se converta nun hábito e nun estilo de vida.

O hábito lector é algo que se constrúe no día a día e ao que é necesario darlle o seu espazo e tempo. Para que un plan de lectura funcione, debe contar con tempo, confianza e o compromiso de todo o profesorado do centro y levarse a cabo en todas as áreas. Non podemos esquecer que vivimos nunha era dixital e polo tanto, non debemos de plantexarnos unicamente a lectura mediante libros de texto, senón que debemos ter en conta os novos tempos que corren, onde os entornos dixitais teñen moita presenza. Dende as diversas leis educativas que imos tendo e os desenvollos normativos tanto a nivel nacional como autonómico, destaca o fomento de lectura como un aspecto fundamental para a mellora da Calidade Educativa. Así, en educación infantil fomentarase unha primeira aproximación á lectura, e a educación primaria presenta como un dos seus obxectivos desenvolver hábitos de lectura.

O eixe vertebrador dun plan de lectura é a súa biblioteca escolar, a cal debe de ser entendida como dentro de recursos para o fomento da lectura, expresión e comprensión escrita e/ou oral e alfabetización informacional. Debemos esquecernos da concepción da biblioteca escolar como un lugar único onde realizar préstamos de libros e lecturas obrigatorias, senón un lugar cun enfoque lúdico e dinamizador no fomento do desenvolto da competencia lectora. Por iso, o obxectivo principal e fundamental no que se sustenta o noso Plan é crear hábitos de lectura rompendo cos estereotipos de que esta é aburrida. Con iso conseguiremos crear pracer por ler, por construír o seu propio aprendizaxe.

2. OBXECTIVOS

Os obxectivos xerais a partir dos cales formularemos as actividades deste Plan de Lectura son:

- Potenciar a lectura recreativa e a lectura para a aprendizaxe en todo tipo de texto e soporte, así como espertar, crear e desenvolver a comprensión de cultura e coñecemento.
- Desenvolver a creatividade, imaxinación e capacidade de lectura autónoma.
- Compensar as posibles desigualdades que existan no noso alumnado paliando as posibles dificultades no proceso de comprensión lectora.
- Proporcionar apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe.
- Transmisión de valores, normas e actitudes que favorezcan o bo uso da biblioteca escolar, do pensamento crítico e o uso compartido de espazos nun clima de convivencia.
- Integrar na práctica docente o uso da biblioteca escolar.
- Recoñecer e rexistrar as posibles dificultades que surxan no eido da lectura.

3. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS

Tal e como figura no Proxecto Lector de centro a proposta anual prográmase a hora de lectura para as últimas sesións da mañá.

A dinámica desta hora de ler, será adaptada a cada etapa educativa, buscando a mellora da comprensión e fluidez na lectura seguindo os parámetros establecidos.

Realizaranse da seguinte forma para cada grupo:

- Os cursos de infantil, 1º e 2º de Primaria: Lectura individual (tendo en conta a etapa do proceso lectoescritor no que estea o alumnado, pode ser visionado e manipulación de contos, ler algunha palabra, frase ou párrafo) e lectura en gran grupo.

- Para os alumnos/as de 3º, 4º, 5º e 6º de primaria a lectura será individual con exemplares da biblioteca de aula, da biblioteca do centro e tamén traídos da casa.

Ademais utilizaremos, na medida do posible, outros espazos do centro, como biblioteca, patios, corredores cando se organicen actividades extraordinarias como apadriñamentos lectores, contacontos... en datas concretas para todo os niveis.

4. LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS.

| Actividade | Data prevista | Curso implicado | Profesorado responsable |
|---|-------------------------------|-----------------|---------------------------------|
| Contacontos | Cada trimestre | Todos | Equipos do centro |
| Alumnado voluntario contará, dramatizará... para os máis pequenos contos e historias inventadas por eles. | Todo o curso | 5º E 6º EP | Equipo da biblioteca e titorías |
| Hora de ler | Todo o curso | Todos | Titorías |
| Recomendacións de libros polo equipo | Todo o curso | Todos | Equipo da biblioteca |
| Recomendacións de libros | Segundo e terceiro trimestres | 5º/6º EP | Equipo da biblioteca e titorías |
| Decoración de corredores e portas das aulas coa temática do proxecto | Primeiro trimestre | Todos | Titorías |

5. SECCIÓNS

Contamos cunha biblioteca de centro ben organizada e dotada de recursos suficientes e actualizados. Estes recursos están relacionados cos intereses de alumnado e profesorado e sempre se teñen en conta as súas suxestións á hora de facer novas adquisicións.

Tamén contamos con bibliotecas de aula que se nutren principalmente da biblioteca do centro e das achegas das familias.

6. RUTINAS DE LECTURA

O traballo estará organizado atendendo ás características e necesidades de cada ciclo.

A) Educación Infantil

Promoverase unha aproximación á linguaxe escrita como actividade no que facer cotián da aula, como inicio dun proceso que deberá consolidarse na educación primaria.

As bibliotecas xogarán un papel relevante como espazos onde se poñan en xogo as ideas infantís sobre o porque e o para que da linguaxe escrita, así como lugar de achegamento a unha literatura infantil de calidade.

Organizaremos actividades relacionadas con:

- *Identificación dos elementos utilizados no código escrito.
- *Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráficas.
- *Producción e interpretación de mensaxes escritos en diferentes soportes.
- *Creación de textos en diferentes soportes.
- *Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e a escritura.

B) Primeiro ciclo

A selección de libros para ler na aula debe estar acorde con distintos obxectivos: informar sobre un tema, complementar o contido da área, deleitar a través de textos de ficción,... ofrecendo ao alumnado contidos que sexan do seu interese. Organizaremos actividades relacionadas con:

- *Progreso na adquisición da linguaxe escrita e nos procesos implicados na lectura.
- *Exercitación a memoria.

* Reforzo da ortografía. Utilización das palabras do texto para que vaian interiorizando ademais as regras ortográficas que aprenden no libro de texto.

* Reforzo da capacidade de resumo ou síntese.

* Realización de exposicións.

* Creación de personaxes e contos onde a fantasía sexa un elemento primordial

* Ilustración de diferentes tipos de texto facendo especial fincapé nos textos poéticos.

* Fomento do uso da biblioteca de aula e de centro.

C) Segundo ciclo

A selección de libros neste ciclo debe responder á pregunta ¿para que lemos? É dicir, trátase de buscar unha finalidade, un obxectivo. Ademais, debe ofrecerse ao alumnado textos con temática axeitada aos intereses propios da súa idade. Organizaremos actividades tipo:

* Exercitación da habilidade visual e da memoria

* Gramaticais e de ortografía

* Actividades de resumo ou síntese.

* Exposicións. É importante que os alumnos expoñan ese traballo á clase, como un xeito de asentar o coñecemento adquirido e recordar o que leron.

* Obradoiros: Prensa, contos fantásticos, Poesía...

* Uso da biblioteca de xeito regular para a realización de traballos, busca de información e lugar de desfrute coa lectura individual ou colectiva entre outras actividades.

D) Terceiro ciclo

Na selección das lecturas é importante, como nos ciclos anteriores, saber que pretendemos conseguir co texto. Neste ciclo, o alumnado pode acceder a

textos máis longos e complexos, o que permite unha maior diversificación do obxectivo perseguido na sesión de lectura. Por outro lado, debe elixirse un maior número de xéneros, que se adapten ás demandas do alumnado deste último ciclo.

As actividades propostas irán encamiñadas a conseguir unha análise máis profunda e completa dos textos (do nivel fónico, sintáctico e semántico) e un manexo máis amplo da escritura a través dos diversos tipos de texto.

Organizaremos actividades que nos leven a:

- * Establecer a estrutura básica do texto.
- * Resumir textos de xeito que se lles pida que elixan un título para cada parágrafo.
- * Realizar esquemas sinxelos dun texto partindo de modelos feitos
- * Escribir textos diversos: expositivos, narrativos, descritivos, poéticos, teatrais... partindo da súa estrutura, dada polo profesor, e dun esquema de traballo.
- * Realizar obradoiros de prensa, contos e relatos de fantasía e Poesía.
- * Usar a biblioteca de xeito regular como lugar de traballo e/ou desfrute e participar voluntariamente na xestión da mesma.

A hora de programar as actividades ao longo do curso é preciso formular propostas axeitadas e concretas para o alumnado con necesidades específicas de atención educativa e para o alumnado con baixo nivel de expresión e comprensión . Estes seguirán o ritmo da clase na medida do posible e atenderanse as súas necesidades dun modo personalizado.

Algunhas das actividades propostas serán realizadas de xeito sistemático na hora da lectura en función da programación de aula.

As actividades de ilustración, exposicións, obradoiros ou contacontos poden realizarse como actividades de lectura compartida. Ao longo do curso realizaremos apadriñamentos lectores entre os diferentes niveis que aproveitaremos como motores impulsores destas actividades.

7. ITINERARIOS LECTORES

Nos “Itinerarios Lectores”, elaborados para Ed. Primaria, procuramos títulos axeitados para cada nivel de idade, escollidos con criterios de calidade e en función dos obxectivos recollidos no Proxecto Lector de Centro. Tendo ademais en conta as listas de recomendacións da Rede de Bibliotecas Escolares de Galicia, son libros “que non queremos que se perda o noso alumnado”.

Esta actividade realizarase durante todo o curso escolar coa colaboración de todo o profesorado. As listaxes serán renovadas introducindo novidades dentro dos fondos conseguidos pola biblioteca e tendo en conta as aportacións do profesorado.

8. RECURSOS HUMANOS QUE INTERVEÑAN NAS ACTIVIDADES DE FOMENTO LECTURA

A coordinadora da Biblioteca suma 3 sesións de coordinación. O resto do equipo non conta con horas de biblioteca dadas as necesidades do centro.

O servizo de préstamo e devolución está garantido nas horas de cada titoría.

Nos recreos de Primaria, a Biblioteca estará aberta todos os días, para o alumnado de Primaria. Os alumnos de Infantil acoden á Biblioteca sempre durante as horas lectivas acompañados do seu titor.

O alumnado voluntario tamén acudirá nos recreos.

9. ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORIZADAS

| Actividades realizadas | | | |
|--|---|----------------------|---|
| ACTIVIDADES | RESPONSABLES | TEMPORALIZACIÓN | DESCRIPCIÓN |
| Organización e revisión dos fondos | Equipo da Biblioteca | Setembro | |
| Plan anual de dinamización da biblioteca seguindo o PDI | Equipo da Biblioteca e Claustro de profesorado | Setembro | Tema do PDI: "Imos ao pasado! Vol. 2" |
| Traballo de biblioteca: catalogar, rexistrar, adquisición de material... | Equipo da Biblioteca | Todo o curso escolar | |
| Samaín | Equipos do centro | Outubro | Escenificación e lectura do conto A bruxa regañadentes no recuncho de lectura do Samaín. |
| Proxecto "Stop Motion" | Equipo da Biblioteca e Claustro de profesorado | Todo o curso escolar | Proxecto de Stop Motion sobre o tema do PDI do curso anterior: editar o vídeo do curso pasado, exposición e visualización do proxecto. |
| Decoración de pasillos e portas do centro co tema do PDI | Equipo da Biblioteca e Claustro de profesorado | Todo o curso escolar | As titorías decoran os pasillos e as portas, facendo previamente unha labor de investigación na biblioteca sobre as diferentes épocas escollidas. |
| Charlas, visitas de autores e contacontos | Equipo de Biblioteca | Todo o curso escolar | Este ano recibimos entre outros a Brais das Hortas no Samaín |
| Formación do profesorado | Equipo de Biblioteca | Todo o curso escolar | Formación sobre o programa KOHA para o equipo de Biblioteca |
| Entroido | Equipos do centro | Febreiro-Marzo | Realización de disfraces de entroido sobre o tema do PDI, documentación sobre as vestimentas das diferente épocas. |
| Día de Rosalía | Equipo da Biblioteca e Equipo de N. Lingüística | Febreiro | Actividade conxunta co día da lingua materna pendente de definir. |
| Día da muller | Equipos do centro | Marzo | Charlas e obradoiros impartidos pola asociación Arenaria. |

| | | | |
|-----------------------------|---|--------------|---|
| Día da Poesía | Todo o centro | Abril | Actividade conxunta conxunta coa conmemoración do día da árbore, escribense poemas e colganse nas árbores do patio. |
| Día do libro | Equipo da Biblioteca | Abril | Actividade na que participarán todos os niveis do centro pendente de definir. |
| Día das letras galegas | Equipo da Biblioteca e Equipo de N. Lingüística | Maio | Realización do “Serán das letras” actividade conxunta e aberta ás familias, donde poderán participar nas diferentes actividades propostas ao longo da tarde. |
| Certame Literario | | Maio | Realización de relatos curtos de tema libre en galego para celebrar o Certame organizado polas Anpas dos concellos de Catoira, Pontecesures e Valga. |
| Colaboradores de biblioteca | | Todo o curso | O alumnado de sexto voluntario ás horas do recreo axudarán na xestión da biblioteca e da ludoteca. |
| Premio aos máis lectores | | Xuño | Ao final de curso outorgarase os premios aos máis lectores de cada nivel. |
| Lecturas e familias | Equipo de biblioteca en colaboración con todo o claustro. | Todo o curso | Habilitarase un espazo para lectura en familia, esta podería ser, as familias co seu/súa fillo/a no horario de 15.30 a 17.00, ou da familia ao grupo no que está o seu/súa fillo/a. |

10. LECTURA E FAMILIAS

Crearase un espazo para a lectura en familia, dotándoo con mobiliario que poida ser acolledor para que as familias nos momentos nos que está aberta a biblioteca fóra do horario lectivo poidan achegarse a facer lectura cos/as fillos/as. Ademáis, dende as titorías que estén interesadas, promoverase a que as familias poidan nalgún momento, na hora de biblioteca do seu curso, achegarse a ler algún conto, contar algunha historia,... a todo o grupo do seu/súa fillo/a.

Ademáis dotarase a biblioteca dunha sección de préstamo de libros que poidan ser do interese das familias que poidan favorecer a educación e o benestar dos seus/súas fillos/as en colaboración co departamento de Orientación.

11. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Haberá reunións periódicas do equipo da biblioteca para:

- revisar o Plan Anual de Lectura e facer as achegas precisas para mellorar os resultados.
- analizar as necesidades dos diferentes ciclos e suxerir lecturas relacionadas cos contidos do Plan e/ou o desenvolvemento do Proxecto anual.

Ademais, detallaranse as necesidades materiais que demanda a posta en práctica do Plan: espazos na aula, na biblioteca de centro, literatura infantil e xuvenil cos que se nutrirá o fondo da biblioteca e materiais audiovisuais informativos de calidade.

Dentro do proceso avaliativo distinguimos tres momentos:

- Avaliación inicial: na que temos en conta o nivel lector en cada aula e as necesidades que os titores-as expoñen
- Avaliación continua: realizada nas reunións periódicas do equipo de biblioteca e onde se analizan as necesidades e demandas dos distintos ciclos e se propoñen as melloras a realizar.
- Avaliación final: onde se valora o resultado do Plan Anual partindo de enquisas ao profesorado e alumnado sobre as actividades realizadas e o seu funcionamento e utilidade.